

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

**11237** *Real decreto 493/2021, do 6 de xullo, polo que se modifica o límite de altura de sobrevoos do territorio de determinados parques nacionais, disposto no artigo 7, número 3, alínea e), da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais.*

Mediante o Acordo do Consello de Ministros, do 1 de decembro de 2020, autorizouse excepcionalmente o sobrevoos dalgúns parques nacionais a unha altura inferior á prevista no artigo 7.3.e) da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, e aprobouse tramitar por urxencia o presente real decreto para elevar a restrición de sobrevoos nos parques nacionais que estivo vixente desde 2005 e, á vez, evitar o aumento de emisións á atmosfera, adiantando a eficacia deste desenvolvemento regulamentario co establecemento dos novos límites de altura.

A protección do ambiente foi un dos obxectivos principais no desenvolvemento da aviación civil nos últimos anos co propósito principal de reducir as emisións acústicas e de gases de efecto invernadoiro á atmosfera. A sensibilidade social foi aumentando paulatinamente e exige unha mobilidade social, ambiental e economicamente sustentable, que teña en conta as necesidades de conservación e utilización racional do patrimonio natural en todo o territorio nacional, en particular dos parques nacionais, os hábitats naturais e as especies silvestres que habitan neles, en moitos casos en réxime de protección especial.

Pola súa vez, a loita contra o cambio climático está entre os grandes retos que afronta a humanidade no século XXI. A investigación no uso de combustibles alternativos, o establecemento de procedementos operativos de descenso continuo na contorna dos aeroportos, ou a iniciativa comunitaria de ceo único europeo, un de cuxos piares é a eficiencia do voo mediante o establecemento de rutas máis directas e, por tanto, menos contaminantes, son só uns escasos exemplos entre o amplo abano de medidas que está adoptando o sector.

Sen prexuízo do anterior, o transporte aéreo xoga un papel fundamental na nosa sociedade, debido á ausencia de alternativas viables en termos de tempo de desprazamento a partir de certa distancia e, en especial, no que respecta aos desprazamentos de persoas e mercadorías perecedoiras, e constitúese como un garante e facilitador da mobilidade dos cidadáns e da cohesión social e territorial do país, destacando igualmente o seu papel como motor da economía, o que fai preciso encontrar fórmulas que permitan encontrar o equilibrio entre os beneficios que proporciona á sociedade e os impactos que produce no ambiente, o que é o obxectivo último da presente norma.

Con obxecto de protexer a Rede de parques nacionais evitando o sobrevoos xeneralizado de aeronaves, mediante a Orde PRE/1841/2005, do 10 de xuño, pola que se modifica parcialmente a Orde do 18 de xaneiro de 1993, do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno, sobre zonas prohibidas e restrinxidas ao voo, e as sucesivas modificacións desta, establecéronse trece zonas restrinxidas ao voo nos ditos parques, cuxa creación afectou a estrutura do espazo aéreo. Estas limitacións de altura ao sobrevoos, vixentes até a aplicación o 5 de decembro de 2020 do disposto no artigo 7.3.e) da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, evidenciáronse como proporcionadas, adecuadas e suficientes para protexer os valores de conservación dos parques nacionais e a salvagarda de especies ou doutros elementos naturais protexidos cuxa conservación poida verse afectada negativamente polo tráfico aéreo,

tendo en conta a avaliación científica dos efectos potencialmente perigosos do dito tráfico e as evidencias científicas existentes.

A necesidade de proceder a un cambio funcional do espazo aéreo seguro e ordenado, con vocación de estabilidade e permanencia, que se adapte ás limitacións ao sobrevoo que o equilibrio dos intereses en presenza requiría por razóns de seguridade aérea e aplicación da normativa comunitaria, fixo que mediante o anteriormente citado Acordo do Consello de Ministros, do 1 de decembro de 2020, por proposta do ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, da vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e da ministra de Defensa, se acordase autorizar o sobrevoo excepcional a alturas inferiores á prevista no artigo 7.3.e) da Lei 30/2014, do 3 de decembro, ben que de carácter máis restritivo que as vixentes até a súa aplicación, no Parque Nacional marítimo-terrestre do Arquipélago de Cabrera, Parque Nacional de Aigüestortes i Estany de Sant Maurici, Parque Nacional dos Picos de Europa, Parque Nacional de Serra Nevada, Parque Nacional de Garajonay, Parque Nacional de Timanfaya, Parque Nacional de Cabañeros, Parque Nacional de Monfragüe, Parque Nacional das Tablas de Daimiel, Parque Nacional de Doñana, Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, o que garantía a convivencia pacífica entre a biodiversidade dos parques nacionais e o voo das aeronaves, deixando inalteradas as condicións de sobrevoo nos parques nacionais da Caldera de Taburiente, Serra de Guadarrama, Ordesa e Monte Perdido, e Teide.

Pola súa vez, o dito acordo do Consello de Ministros exixiu que, no prazo de tres meses desde a súa adopción, se remitise unha proposta de regulamento ao abeiro da habilitación prevista no número 2 da disposición derradeira cuarta da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, que «faculta o Goberno para modificar, por razóns de seguridade aérea ou cando resulte pertinente en aplicación da normativa europea, logo de consulta ás comunidades autónomas afectadas, o límite de altura, sobre a vertical do terreo, de sobrevoo do territorio de todos ou dalgún dos parques nacionais, disposto no seu artigo 7, número 3, letra e.».

Ambas as razóns xustifican a necesidade do presente real decreto. Para coñecer a altura a que está voando unha aeronave, utilízanse os altímetros embarcados nelas cuxos resultados de medición se obteñen en termos de altitude en pés, unidades de referencia na aviación. Por razóns de seguridade aérea, faise necesario establecer a restrición de sobrevoo sobre un plano horizontal identificado mediante a súa altitude en pés ou nivel de voo, tal e como consta no Acordo do 1 de decembro de 2021, e non en termos de altura sobre o terreo. Isto implica que a limitación é un rango de alturas entre a mínima, que se produce no pico máis alto do parque, e unha máxima, que se produce no punto con menor elevación do parque. Isto significa que en realidade se implantan unhas restricións moito maiores na maioría da superficie do parque que se a altura só se referenciase ao terreo.

Por outra parte, no marco da normativa europea de ceo único, o Regulamento de execución (UE) 2019/317 da Comisión, do 11 de febreiro de 2019, polo que se establece un sistema de avaliación do rendemento e de tarificación no ceo único europeo e se derrogan os regulamentos de execución (UE) n.º 390/2013 e (UE) 391/2013, senta as bases para impor uns obxectivos quinquenais de redución das millas voadas a través do índice que mide a eficiencia en ruta, KEA (*Key performance Environment indicator based on Actual trajectory*) polas súas siglas en inglés, indicador que mide a eficiencia de voo en ruta, representada a porcentaxe adicional de millas voadas sobre a ruta óptima. En aplicación deste regulamento, España deberá reducir máis dun vinte por cento o valor do indicador rexistrado en 2019, contribuíndo deste modo á loita contra o cambio climático, ao exixir rutas aéreas máis directas e eficientes, coa conseguinte redución no consumo de combustible e nas emisións contaminantes liberadas á atmosfera. Ben que este obxectivo se viu comprometido pola actual crise sanitaria provocada pola COVID-19, cómpre que normativamente se senten as bases para permitir o seu futuro cumprimento.

Co novo réxime de limitación de alturas ao sobrevoo nos parques nacionais que se implanta mediante este real decreto preténdese dar continuidade, e dotar de coherencia,

ás limitacións acordadas, mediante a fórmula de autorización excepcional, polo acordo do Consello de Ministros citado, para así establecer o preciso equilibrio entre a necesaria protección á biodiversidade nos parques nacionais e a conservación destes espazos protexidos, e o cumprimento dos obxectivos ambientais que exige a iniciativa comunitaria de ceo único europeo, que se conseguen a través do establecemento de rutas máis directas e eficientes, o que comporta a necesaria diminución das emisións de gases de efecto invernadoiro para loitar contra o cambio climático e proporciona ás compañías aéreas, ademais, un maior aforro no consumo de combustible. Pola súa vez, os parques nacionais da Caldera de Taburiente, Ordesa e Monte Perdido, e do Teide, en coherencia co criterio que se estableceu para o resto de parques nacionais afectados polo Acordo do Consello de Ministros, do 1 de decembro de 2020, vense afectados polo disposto nesta norma ao deixar de referenciarse a súa altura de sobrevoos respecto ao terreo.

Por motivos de defensa nacional, as restricións ao sobrevoos modificadas por este real decreto non afectan as vixentes para o Parque Nacional da Serra de Guadarrama, que seguirá rexéndose, neste aspecto, polo disposto na disposición adicional oitava da Lei 7/2013, do 25 de xuño, de declaración do Parque Nacional da Serra de Guadarrama.

Este real decreto atende aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En relación cos principios de necesidade e eficacia, a norma responde á razón de interese xeral que supón equilibrar os distintos intereses en presenza, a protección dos parques nacionais e a súa biodiversidade, a seguridade aérea, as necesidades do tráfico aéreo e a loita contra o cambio climático.

Axústase ao principio de eficacia en canto que se trata do instrumento apropiado para cumprir os obxectivos ambientais e aeronáuticos fixados mediante unha norma de rango adecuado. Así, basta sinalar que a disposición derradeira cuarta da Lei 30/2014, do 3 de decembro, faculta o Goberno para modificar, por razóns de seguridade aérea ou cando resulte pertinente en aplicación da normativa europea, o límite de altura, sobre a vertical do terreo, de sobrevoos do territorio de todos ou dalgún dos parques nacionais, disposto na propia lei, e que parte dos obxectivos da norma é responder aos compromisos do Estado en materia de ceo único europeo.

Responde ao principio de seguridade xurídica en canto que se trata dunha norma modificativa ao abeiro do previsto na propia Lei 30/2014, do 3 de decembro, e concorren as razóns que a propia lei exige para isto. Así mesmo, o real decreto alíñase cos regulamentos europeos relativos ao ceo único europeo.

Atendendo aos principios de proporcionalidade e eficiencia, non se inclúen máis disposicións que as consideradas indispensables para cumprir coas necesidades normativas detectadas.

Finalmente, observando o principio de transparencia, defínense con claridade os obxectivos do real decreto pois consultáronse as comunidades autónomas afectadas tal e como exige a disposición adicional cuarta da Lei 30/2014, do 3 de decembro, ao tempo que se posibilitou a participación na súa elaboración do sector, mediante o trámite de audiencia e información pública, conforme o disposto no artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Así mesmo, definíronse con claridade o obxecto e o ámbito de aplicación.

Os títulos competenciais habilitantes para a aprobación desta norma encóntranse recollidos na Constitución española, no artigo 149.1 20.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> que, respectivamente, atribúen ao Estado as competencias exclusivas sobre control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo, e lexislación básica de protección do ambiente.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no número 2 da disposición derradeira cuarta da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, e conta coa conformidade da Comisión Interministerial entre Defensa e Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, do 18 de xaneiro de 2021, para os efectos do número 2 da disposición adicional décimo primeira da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da

biodiversidade, así como co informe do Consello da Rede dos Parques Nacionais, do 28 de decembro de 2020, e do Consello Asesor de Medio Ambiente, do 7 de maio de 2021.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, da vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e da ministra de Defensa, de acordo co Consello de Estado, e logo deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 6 de xullo de 2021,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto modificar o límite de altura de sobrevoo do territorio dos parques nacionais que se mencionan no seguinte número.

2. O ámbito de aplicación deste real decreto circunscríbese ao Parque Nacional marítimo-terrestre do Arquipélago de Cabrera, ao Parque Nacional de Aigüestortes i Estany de Sant Maurici, ao Parque Nacional dos Picos de Europa, ao Parque Nacional de Serra Nevada, ao Parque Nacional de Garajonay, ao Parque Nacional de Timanfaya, ao Parque Nacional de Cabañeros, ao Parque Nacional de Monfragüe, ao Parque Nacional das Tablas de Daimiel, ao Parque Nacional de Doñana, ao Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, ao Parque Nacional da Caldera de Taburiente, ao Parque Nacional de Ordesa e Monte Perdido e ao Parque Nacional do Teide.

##### Artigo 2. *Modificación do límite de altura de sobrevoo nos parques nacionais.*

A limitación de altura de sobrevoo nos seguintes parques nacionais queda fixada da seguinte forma:

	Límite de altitude en pés (100 pés= 30,5 m)	Límite de altura en metros sobre o punto máis alto do territorio do parque	Límite de altura en metros sobre o punto máis baixo do territorio do parque
Parque Nacional marítimo-terrestre do Arquipélago de Cabrera.	6.000 pés (FL60)	1.659 m	1.828 m
Parque Nacional de Aigüestortes i Estany de Sant Maurici.	12.500 pés (FL125)	786 m	2.617 m
Parque Nacional dos Picos de Europa.	14.500 pés (FL145)	1.787 m	4.373 m
Parque Nacional de Serra Nevada.	10.000 pés (FL100) Leste	488 m	3.171 m
	13.000 pés (FL130) Oeste		
Parque Nacional de Garajonay.	6.500 pés (FL65)	498 m	1.705 m
Parque Nacional de Timanfaya.	3.500 pés (FL35)	555 m	1.067 m
Parque Nacional de Cabañeros.	12.000 pés (FL120)	2.211 m	3.148 m
Parque Nacional de Monfragüe.	9.000 pés (FL90)	1.977 m	2.533 m
Parque Nacional das Tablas de Daimiel.	10.000 pés (FL100)	2.347 m	2.450 m
Parque Nacional de Doñana.	6.000 pés (FL60)	1.724 m	1.829 m
Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.	4.000 pés (FL40)	1.043 m	1.219 m
Parque Nacional da Caldera Taburiente.	18.000 pés (FL180)	3.063 m	5.198 m
Parque Nacional de Ordesa e Monte Perdido.	21.000 pés (FL210) Norte	2.831 m	5.419 m
	17.000 pés (FL170) Sur		
Parque Nacional do Teide.	22.000 pés (FL220)	2.995 m	5.384 m

Disposición adicional única. *Non incremento de gasto público.*

As medidas e actuacións derivadas deste real decreto serán atendidas coas dotacións orzamentarias ordinarias e non poderán xerar incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal ao servizo do sector público.

Disposición transitoria única.

O Acordo de Consello de Ministros, do 1 de decembro de 2020, manterá a súa eficacia até que sexa substituído por este real decreto cando inicie os seus efectos nos termos previstos na disposición derradeira segunda.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas que atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo, e o artigo 149.1.23.<sup>a</sup> en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. O disposto neste real decreto producirá efectos, unha vez que as limitacións de altura de sobrevoo previstas fosen publicadas na Publicación de Información Aeronáutica (AIP).

Dado en Madrid o 6 de xullo de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,  
CARMEN CALVO POYATO